



**CONCELLO DE ARZÚA**

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

**Descrición Decreto: MEDIDAS DE PREVENCIÓN ESPECÍFICAS COMO CONSECUENCIA DA EVOLUCIÓN DA SITUACIÓN EPIDEMIOLÓXICA DERIVADA DO COVID -19 NO CONCELLO DE ARZUA.**

**DON JOSÉ LUIS GARCÍA LÓPEZ ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA)**

Vista ORDE do 26 de xaneiro de 2021 pola que se modifica a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxicaderivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. ( DOG 16 bis de 26/1/2021) c

**Visto o [DECRETO 8/2021, do 26 de xaneiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.](#)** A eficacia das medidas neste decreto comezarán ás 00:00 horas do día 27 de xaneiro e finalizarán ás 00:00 do día 17 de febreiro .

Tendo en conta o tratado na Comisión da Comisión COVID de 20/1/2021.

Polo presente no uso das facultades outorgadas legalmente en aplicación do artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril das bases do réxime local polo presente con efectos dende a sinatura deste decreto ata o 17/2/2021 sen prexuízo de prórroga o anparo do que se lexisle pola Comunidade Autónoma.

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** En relación coas seguintes actividades e instalacións municipais:

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

### **1.1.-Feira na vía e recinto público .**

Non poderán superar o cincuenta por cento dos postos habituais ou autorizados, limitando a afluencia de clientes de maneira que se asegure o mantemento da distancia de seguridade interpersoal.

O concello poderán aumentar a superficie habilitada ou habilitar novos días para o exercicio desta actividade para compensar esta limitación, debendo prestar especial atención á vixilancia do cumprimento das medidas sanitarias e protocolos aplicables nestes contornos.

Á hora de determinar os comerciantes que poden exercer a súa actividade, o concello poderá priorizar aqueles que comercializan produtos alimentarios e de primeira necesidade, asegurando que non se manipulen os produtos comercializados neles por parte dos consumidores.

O concello establecerá requisitos de distanciamento entre postos e condicións de delimitación do mercado co obxectivo de procurar manter a distancia de seguridade interpersoal entre traballadores, clientes e viandantes ou, na súa falta, será precisa a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no número 1.3 do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, na súa redacción vixente.

Durante todo o proceso de atención ao consumidor deberá manterse a distancia de seguridade interpersoal establecida entre o vendedor e o consumidor, que poderá ser dun metro cando se conte con elementos de protección ou barreira.

Sinalarase de forma clara a distancia de seguridade interpersoal entre clientes, con marcas no chan ou mediante o uso de balizas, cartalaría e sinalización para aqueles casos en que sexa posible a atención individualizada de máis dun cliente ao mesmo tempo.

Hai e formentarase a posta á disposición de dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida debidamente autorizados e rexistrados nas inmediacións dos mercados ao aire libre ou de venda non sedentaria na vía pública.

Realizarase, polo menos unha vez ao día, unha limpeza e desinfección das instalacións con especial atención ás superficies de contacto máis frecuentes, especialmente mostradores e mesas ou outros elementos dos postos, anteparos, de ser o caso, teclados, terminais de pagamento, pantallas táctiles, ferramentas de traballo e outros elementos susceptibles de manipulación, prestando especial atención a aqueles utilizados por máis dun traballador.

Procurarase evitar a manipulación directa dos produtos por parte dos clientes.

### **1.- 2.- ) Pechar todos os parques e zonas deportivas de uso público ao aire libre**

### **1.3.-) Realización de actos e reunións laborais, institucionais,**

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

A realización de actos e reunións laborais, institucionais, de representación de traballadores e administrativas, poderanse realizar sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento, ben que se recomenda que se realicen de forma telemática sempre que sexa posible. Non se poderá superar o trinta por cento da capacidade autorizada do local. En calquera caso, deberase respectar un máximo de 30 persoas para lugares pechados e de 75 persoas se se trata de actividades ao aire libre.

### **1.4.) Adóptase a medida de peche e suspensión temporal, das seguintes instalacións e actividades municipais :**

#### **1.4.1 ) Actividades culturais e sociais suspensas:**

Actividades deportivas.

Actividade envellecemento activo

Actividades de lecer e entretemento.

#### **1.4.2.) Establecementos para actividades deportivas pecharáanse :**

Pavillóns deportivos do Viso e o de Cruceirto de Santa María

Pista de atletismo do polideportivo do Viso

Piscina municipais e as súas instalacións ( sen prexuízo dos traballos de mantemento das piscinas )

#### **1.4.3.3) Establecementos para actividades culturais e sociais pechanse:**

Biblioteca municipal

Locais municipais das parroquias .

Aula CEMIT

Local de ensaio.

#### **1.4.1.4) Suspendese a actividade lectiva presencial nos seguintes centros :**

Conservatorio profesional e escola de municipal de música ( mantense a actividade lectiva en modo non presencial có pago de taxa correspondente)

Alfabetización adultos



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

**SEGUNDO.-** -Publicar este decreto no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, na páxina web, comunicar o mesmo a tódolos servizos municipais e facer Bando informativo co seu contido para coñecemento de tódos os veciños de Arzúa.

**TERCEIRO.-** Notificar este decreto ó concesionario da piscina municipal e demais contratistas afectados pola suspensión de actividades e peche de instalacións municipais aos efectos oportunos.

Arzúa, asinado dixitalmente na data e hora que figura a marxe

O Alcalde - Presidente  
Asdo.- JOSÉ LUIS GARCÍA LÓPEZ

Dou fe, a secretaria  
Asdo.- REBECA VÁZQUEZ VÁQUEZ